

Unha familia de Chantada amosa a súa explotación gandeira en internet

2

A Xunta recompensará a produción de aceite en terras en abandono

3

Denunciados 166 ataques de lobos a gando en Lugo no que vai de ano

4 e 5

Subvencións para os apicultores de Lugo por limpar os montes

7



O lugués orixinario de Láncara Marcos Vázquez Marey, presidente de Agamac, aos mandos dunha colleitadora, unha das moitas máquinas agrícolas clásicas que posúen os socios deste colectivo

ESTÉVEZ

Exportando tradicións

A Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (Agamac), con sede en Lugo, levará a recreación da malla tradicional a Segovia. Será na macrofeira do sector, que se celebrará do 30 deste mes ao 2 de setembro vindeiro

SUSANA RODRÍGUEZ

O pulo do rexurdir das tradicións relacionadas co agro galego semella, por fortuna, non parar de medrar e bo exemplo son as numerosas poboacións luguesas que nestas datas suman ás súas celebracións estivais recreacións de vellos oficios como o da recolección e a malla dos cereais. A Asociación Galega de Amigos da Maquinaria Agrícola Clásica (Agamac), que preside o lancarés Marcos Vázquez Marey, vai ir máis aló, levando a representación da malla á macrofeira de maquinaria agraria de época e oficios do campo de Segovia, a única gran

cita para o sector que existe a nivel estatal, a celebrar entre o día 30 deste mes e o 2 de setembro vindeiros.

Segundo Marcos Vázquez, “aínda que a malla xa se ten representado fóra de Galicia, sobre todo á iniciativa de centros galegos, será a primeira vez que se faga nun foro desta entidade”. Agamac ten previsto facer dúas representacións na feira de Segovia, empregando para elo parte dos seus fondos de pezas de maquinaria tradicional, cedidos polos socios.

O presidente do colectivo sinala a importancia de manter e pór en valor tradicións como



O colectivo, cunha corentena de socios, pretende pór en valor o traballo e a maquinaria tradicionais do agro galego



a da malla “para fomentar a autoestima do labrego, facendo entender que o seu traballo no agro e a maquinaria que se empregaba no rural tiveron e seguen a ter moita importancia”, e engadiu que “débese pór en valor tanto ese patrimonio do coñecemento humano como as propias máquinas; é iso que agora se deu en chamar arqueoloxía industrial”.

Con preto de dous anos de vida, Agamac está integrada na actualidade por 42 socios de toda Galicia, se ben a maioría son de Lugo. A súa actividade céntrase na participación en feiras do sector, “divulgando o

coñecemento da maquinaria clásica dos nosos socios” e co obxectivo final de “dar máis vida ó rural”.

Entre as pezas que posúen cóntanse medio milleiro de motores estacionarios e numerosa maquinaria agrícola. Pódense atopar desde malladoras e colleitadoras ata xoias como unha segadora canadense arrastrada por cabalos, de finais do século XIX, chegada ata nós dende os mesmos inicios da mecanización, ou un tractor americano con rodas de ferro, que utilizaba o petróleo como combustible, de comezos do XX.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

